

CORAJE  
RABIA  
IRA

de me calientan las orejas.

Dolor de cabeza

**BLOQUEO**

PENSAMIENTOS  
- NEGATIVOS  
- CULPABILIDAD  
- INTENSIVOS

# ? #  
! ! \* @ ! !  
+ x o o  
Agresividad

Arcadas

Dolor cervical  
Alto


es como pellido x miedo al rechazo

**FALTA DE CONFIANZA**

DOE FLOE

Ganas de vomitar  
dolor de barriga.

presión  
Pulsó corazón



Hednos  
Inquietas

**DISCRIMINACIÓN**

~~APELLIDO~~

A nivel mental (representado coa cor verde), escribiron palabras como “bloqueo”, querendo expresar a paralización que senten cando lles ocorre algunha inxustiza, e que lles fai incapaces de actuar ou falar. Á súa vez, estas experiencias inxustas ocasiónanlles pensamentos negativos, intrusivos e de culpabilidade, provocando que sintan incluso rexeitamento da súa orixe, posto que experimentan unha sensación de que todo o que lles ocorre é por ser da etnia que son. Pensamentos de odio que non se dirixen só cara si mesmos, senón cara as persoas emisoras deses discursos.

Con respecto á dimensión relacional (cor violeta) expresaron como teñen que renunciar a certos aspectos persoais nalgunhas ocasións, como por exemplo, ocultar o seu apelido para poder acceder a diferentes servizos que se lles ven negados por ser da comunidade romaní; situación que fai que se sintan discriminados pola sociedade. Puxeron como exemplo o acceso a un contrato de alugueiro, para o cal se ven obstaculizados, chegando incluso a ter que presentar antecedentes penais. Discriminacións que se repiten en diferentes ámbitos, como “a escola”, dende a cal senten rexeitamento e illamento, tanto pola institución como polas demais familias non xitanas.

Tamén escribiron as palabras como “falta de confianza” non só en relación a si mesmos senón tamén ás relacións cos demais. As experiencias negativas son normalmente provocadas por persoas que non son da súa mesma etnia, e que ven nesta característica un motivo ou xustificación para sentirse superiores e discriminalos. Isto leva consigo que a desconfianza das persoas de etnia romaní aumente considerablemente cara as persoas alleas á súa etnia (comunmente chamados “payos”), debido ao medo a ser discriminados en calquera momento.

En terceiro lugar, no ámbito emocional, coa cor rosa debuxaron un corazón roto coa palabra dor, querendo transmitir que lles fire ver como as persoas os discriminan e tratan como delincuentes polo simple feito de ser doutra etnia. En relación a isto, debuxaron unha bagoas nos ollos, querendo expresar a tristeza que lles dá ver que o mundo no que van a vivir os seus fillos/as, os vai a tratar da mesma maneira que os tratou a eles. Non cren que a sociedade vaia a cambiar e chegue a ser máis igualitaria, pois ven como incluso os nenos pequenos tratan mal ós seus fillos no colexio. Eses nenos e nenas, cando sexan adultos, van educar da mesma maneira discriminatoria ós seus fillos, facendo que a cadea sexa cada vez máis grande. Isto ocasiónalles rabia, ira e odio cara unha sociedade que non quere cambiar.

Por último, coa cor laranxa, que representa o ámbito físico, expresaron como o seu corpo reacciona ante os diferentes discursos de odio. Neste ámbito escribiron frases como “piernas inquietas” para indicar o nerviosismo que lles provocan os discursos de

odio. Outros síntomas físicos que quedaron reflexados na ilustración son dor de barriga, de cervicais ou de cabeza. Cada persoa sente a dor dun xeito diferente. Tamén, significaron neste ámbito outras manifestacións como as ganas de vomitar, representando como estes discursos lle revolven as tripas e fan que lles entren arcadas xa sexa polo medo ou vergonza de escoitar cousas así.

Un dato a destacar é que todos os discursos de odio que se comentaron ao longo das actividades eran referidos cara o colectivo xitano xa que son os que, como grupo, máis lles afecta a nivel persoal.